

en rolo escascada, só será aplicable a partir do 1 de marzo de 2006.»

2. No anexo IV, parte A, sección I, punto 8, ao final da columna da dereita engadirase o parágrafo seguinte:

«A primeira liña da letra a), na cal se especifica que as embalaxes de madeira deberán estar fabricadas con madeira en rolo escascada, só será aplicable a partir do 1 de marzo de 2006.»

MINISTERIO DO INTERIOR

4573 *REAL DECRETO 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión. («BOE» 67, do 19-3-2005.)*

A Constitución española recolle, no seu artigo 149.1.29.^a, a seguridade pública como competencia exclusiva do Estado.

Vinculado a este concepto de seguridade pública encóntrase a protección civil, a cal foi obxecto de regulación a través da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, que a identifica doutrinalmente como «protección física das persoas e dos bens, en situación de grave risco colectivo, calamidade pública ou catástrofe extraordinaria, na cal a seguridade e a vida das persoas poden perigar e sucumbir masivamente», e que implica todas as administracións públicas, cos seus recursos materiais e humanos. Desta forma, configúrase un sistema en que as distintas administracións públicas teñen atribuídas competencias en materia de protección civil e outórgaselle á Administración do Estado un papel concorrente e subsidiario respecto destas.

A este respecto, a citada Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, diferencia, por un lado, as accións preventivas e, por outro, as actuacións a posteriori tendentes á protección e socorro de persoas e bens nos casos en que as devanditas situacións se produzan. Neste marco protector reside a conveniencia de articular un sistema de axudas paliativas da situación de necesidade en que se poden encontrar aqueles colectivos que sufriron as consecuencias dos feitos desencadeantes da situación de emerxencia.

No ámbito competencial da protección civil que se atribúe ao Ministerio do Interior, o Real decreto 692/1981, do 27 de marzo, sobre a coordinación de medidas con motivo de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica dispón, no seu artigo 2, que lle corresponderá a este departamento, directamente ou a través dos gobernos civís (actuais Subdelegacións do Goberno) e Delegacións do Goberno, a concesión de axudas de carácter inmediato en situacións de emerxencia ou grave risco, e nos supostos de danos a persoas ou bens ocasionados por catástrofes, calamidades públicas ou outras circunstancias de análoga natureza.

En desenvolvemento deste Real decreto 692/1981, do 27 de marzo, o Ministerio do Interior dita unha orde ministerial onde se recolle o procedemento de concesión de axudas en atención ás necesidades derivadas de situacións de emerxencia, catástrofe ou calamidade pública, a Orde ministerial do 31 de xullo de 1989, e posteriormente a Orde ministerial do 18 de marzo de 1993, que establece os requisitos e as condicións para a obtención das axudas, así como os posibles beneficiarios.

A regulación deste tipo de axudas resultou afectada pola entrada en vigor da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cal introduce novidades na figura xurídica da subvención, anteriormente prevista nos artigos 81 e 82 do texto refundido da antiga Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro. En concreto, a devandita lei establece como procedemento de aplicación xeral para a concesión de axudas o réxime de concorrencia competitiva e restrinxe os supostos de concesión directa, conforme o previsto no seu artigo 22.2.

As especiais características dos beneficiarios das axudas previstas neste real decreto, que o son por se encontraren nunha determinada situación de necesidade que acreditan fidedignamente, xa sexan corporacións locais que efectuaron gastos de emerxencia, xa unidades familiares, que sufriron danos persoais nos seus bens, xa persoas físicas ou xurídicas que foron requiridas para prestaren servizos por unha autoridade competente, levan á conclusión de que non é posible aplicar a estes supostos o réxime xeral de procedemento de concesión en concorrencia competitiva, polo que estas subvencións serían de concesión directa.

Desta forma, estas axudas quedarían subsumidas dentro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o cal dispón que se poderán conceder de forma directa as subvencións nas cales «se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública». En consecuencia, no seu desenvolvemento habería que observar o establecido no artigo 28.2 da devandita lei, no que se prevé que a competencia para ditar as normas que regulen este tipo de subvencións de concesión directa se reserva ao Goberno, mediante real decreto, por proposta do titular do departamento interesado, e logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, e que se deberán axustar ás previsións contidas na lei, salvo no que afecta a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia. O artigo 28.3 establece o contido mínimo do real decreto citado.

Para a realización de canto antecede, en cada exercicio, os orzamentos xerais do Estado veñen consignando determinados créditos para atencións de toda orde derivadas das citadas causas, que afecten unidades familiares ou corporacións locais que carezan dos recursos económicos necesarios para lles facer fronte a tales situacións, así como persoas físicas ou xurídicas que se visen obrigadas a realizar unha prestación persoal ou de bens, por requirimento da autoridade competente, en situacións de emerxencia.

As circunstancias que concorren nos casos de emerxencias ou catástrofes que motivan a concesión destas axudas aconsellan que, por unha parte, o seu procedemento regulador se inspire nos principios de flexibilidade, equidade e proporcionalidade e, por outra parte, se provexa dunha serie de garantías, formais e materiais, tanto respecto da salvagarda das exixencias de imparcialidade e xustiza aplicables aos suxeitos afectados como da correcta adecuación dos fondos públicos que se apliquen con esta finalidade.

Durante os 11 anos de vixencia da Orde do 18 de marzo de 1993 citada anteriormente, xurdiron diversos problemas como consecuencia da complexidade da materia, así como da cantidade e variedade de casos suscitados durante o período da súa aplicación. Por iso, o obxectivo deste real decreto é acomodar a súa regulación ao marco establecido pola nova Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e establecer un procedemento que evite os problemas prácticos que se suscitaron nos últimos anos.

Defínese con maior precisión, en primeiro lugar, qué se debe entender por situación de emerxencia ou de natureza catastrófica, e precisáanse as condicións e os requisi-

tos que deberá cumprir o feito causante da emerxencia, así como as circunstancias que determinan a aplicación das medidas previstas.

En segundo lugar, delimitase a actuación no suposto da prestación persoal ou de bens de persoas físicas ou xurídicas por requirimento do órgano competente, determinase a autoridade competente e faise fincapé no carácter extraordinario das devanditas actuacións.

Por outra parte, deslindanse as actuacións de emerxencia que poidan levar a cabo as corporacións locais no momento mesmo en que acaecen os feitos, ou inmediatamente despois, daquelas accións encamiñadas á reparación de bens e servizos, as cales se poderían financiar, de ser o caso, con créditos dos departamentos ministeriais que resulten competentes. Todo iso sen prexuízo das medidas que eventualmente poidan adoptar as propias corporacións locais ou as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, con cargo aos créditos específicos consignados nos seus orzamentos respectivos.

Neste sentido, en aplicación dos principios de colaboración e de corresponsabilidade entre administracións, no que se refire á subvención destes gastos de emerxencia, a achega da Administración xeral do Estado fíxase no 50 por cento dos devanditos gastos, conforme o marco establecido nos plans de cooperación local, excepto naqueles casos en que, debido á contía dos danos, se pode aumentar a devandita porcentaxe ata completar o total dos gastos de emerxencia realizados.

Por outra parte, a aplicación destes principios de colaboración e de coordinación entre administracións públicas aconsella a adopción de mecanismos de cooperación, na xestión das subvencións previstas, entre a Administración xeral do Estado, os gobernos das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e as corporacións locais.

Por último, incorpóranse as novidades legislativas introducidas desde a entrada en vigor da Orde do Ministerio do Interior, do 18 de marzo de 1993, concretamente, a aprobación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2005,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Rexerase polo disposto neste real decreto a concesión de axudas ou subvencións en atención a necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, coas condicións e requisitos establecidos nel.

2. Entenderase por situación de emerxencia o estado de necesidade sobrevido a unha comunidade de persoas ante un grave e inminente risco colectivo excepcional, o cal, pola súa propia orixe e carácter, resulta inevitable ou imprevisible, e que devén en situación de natureza catastrófica cando, unha vez actualizado o risco e producido o feito causante, se alteran substancialmente as condicións de vida desa colectividade e se producen graves danos que afectan unha pluralidade de persoas e bens.

Artigo 2. *Natureza.*

1. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, nacional ou internacional, do cal poidan ser beneficiarios os afectados.

2. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as subvencións previstas neste real decreto concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concurrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos, procedentes de sistemas públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido.

3. En todo caso, a adopción destas medidas paliativas inspirarase nos principios de economía, celeridade, eficacia e solidariedade, así como nos de cooperación e coordinación entre administracións públicas. Para estes fins, deberanse impulsar aqueles mecanismos de colaboración que en cada caso contribúan á maior operatividade das medidas previstas neste real decreto.

Artigo 3. *Réxime xurídico.*

1. O procedemento de concesión rexerese polo establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polas disposicións regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento e polo establecido neste real decreto.

2. A este respecto, as axudas outorgarase en réxime de concesión directa, en beneficio do interese público e social derivado das singulares circunstancias que concorren nunha situación de emerxencia, e ao abeiro do disposto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4. *Financiamento.*

As subvencións financiaranse con cargo aos créditos que, con carácter de ampliables, se consignen para estes fins no programa 134M, «Protección civil», dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas, nos termos e requisitos establecidos neste real decreto, os seguintes:

a) As unidades familiares ou de convivencia económica que sufran danos persoais ou materiais, con acreditada escaseza de recursos económicos para faceren fronte a unha situación de emerxencia ou catástrofe.

b) As corporacións locais que, así mesmo, acrediten escaseza de recursos para faceren fronte aos gastos derivados de actuacións ante situacións de grave risco ou natureza catastrófica.

c) As persoas físicas ou xurídicas que, requiridas pola autoridade competente, levasen a cabo unha prestación persoal ou de bens, a causa dunha situación de emerxencia.

2. En atención á especial natureza das axudas previstas neste real decreto, eximiranse os seus beneficiarios do cumprimento dos requisitos regulados no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 6. *Colaboración con outras administracións públicas.*

1. O Ministerio do Interior e os gobernos das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla afecta-

das poderán celebrar os convenios de colaboración que resulten adecuados para a mellor aplicación das medidas previstas neste real decreto, sen prexuízo das competencias que lles correspondan ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla ao abeiro do disposto nos seus estatutos de autonomía.

2. As comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e as corporacións locais poderán actuar como entidades colaboradoras, para todos os efectos relacionados coas subvencións previstas neste real decreto, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CAPÍTULO II

Procedemento de concesión

Artigo 7. *Prazo e presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse, mediante os modelos normalizados determinados regulamentariamente polo Ministerio do Interior, na Delegación ou Subdelegación do Goberno correspondente á provincia en que se producen os feitos causantes da solicitude, ou en calquera dos rexistros que recolle o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da data de terminación de tales feitos.

2. As solicitudes deberanse xuntar os documentos, así mesmo, determinados regulamentariamente polo Ministerio do Interior, para cada tipo de axuda e de beneficiario. No caso de que trámites administrativos alleos aos solicitantes impidisen as achegas documentais previstas, estes deberán presentar a solicitude no prazo establecido para iso e acreditar ter instado a elaboración ou expedición dos documentos preceptivos, e estarán obrigados a achegalos no prazo de 10 días desde que finalmente fosen obtidos.

Artigo 8. *Inicio do procedemento.*

1. O procedemento iniciarase por instancia de parte, e a Delegación ou Subdelegación do Goberno competente que reciba a solicitude comunicarlles aos interesados o inicio do procedemento, de conformidade co establecido no artigo 42.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e comprobará que cumpre os requisitos formais exixibles, así como que se achega a documentación preceptiva.

2. En caso contrario, deberá requirir do interesado que nun prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, de acordo co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, con indicación de que, de así non o facer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada polo ministro do Interior nos termos previstos no artigo 42.1 daquela.

3. No caso de que o obxecto da axuda solicitada estivese manifestamente fóra do ámbito de protección deste real decreto, a Delegación do Goberno ou a Subdelegación do Goberno remitirá a devandita solicitude á Administración competente por razón da materia e deberalle notificar tal circunstancia ao interesado.

Artigo 9. *Instrución.*

1. A Delegación ou a Subdelegación do Goberno coordinará as actuacións que requiran a intervención doutros órganos das administracións competentes, en especial no que atinxe a aqueles informes técnicos que

deban ser emitidos por corporacións locais, na forma que regulamentariamente se determine, tanto co fin de valorar o dano subvencionable como a situación socioeconómica dos damnificados.

Neste sentido, deberase instar a elaboración deste tipo de informes nos momentos inmediatamente posteriores ao acaecemento do feito causante da emerxencia, para que se incorporen á instrución do procedemento.

2. Completada a recepción de solicitudes, xunto coa documentación preceptiva, a Delegación ou Subdelegación do Goberno remitirá os expedientes tramitados á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, dentro dos cinco días seguintes ao da terminación do prazo de presentación de solicitudes ou, de ser o caso, do prazo para a súa emenda, xunto cunha relación dos posibles beneficiarios.

3. A cada expediente, a Delegación do Goberno ou, de ser o caso, a Subdelegación do Goberno achegará un informe sobre o feito causante da situación de emerxencia, no cal se precisará:

- A zona territorial e o volume de poboación afectados.
- Unha descrición do feito, así como da súa causa e orixe, con xustificación da súa gravidade; para tales efectos poderanse xuntar informes meteorolóxicos ou outros de carácter técnico.
- A relación directa e determinante de causalidade entre eses feitos e os danos derivados da devandita situación.
- Calquera outra circunstancia que permita avaliar os efectos, a contía ou o carácter dos danos.
- Un pronunciamento expreso sobre o carácter de emerxencia ou a natureza catastrófica dos feitos producidos.

4. Recibidos os expedientes, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias procederá a examinar a documentación anexa ás solicitudes e comprobará que se cumpren os requisitos formais que permitan a súa correcta valoración.

Artigo 10. *Criterios de avaliación.*

Á vista dos expedientes tramitados, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias avaliará as solicitudes, poderá realizar cantas comprobacións e inspeccións complementarias coide pertinentes e procederá a ditar a proposta de resolución definitiva, conforme os seguintes criterios:

- A relación directa e determinante dos feitos causantes da solicitude de axuda cunha situación de emerxencia ou de natureza catastrófica, nos termos establecidos neste real decreto.
- O carácter ineludible e inaprazable das actuacións para as cales se pretende a axuda solicitada.
- A proporcionalidade entre a magnitude de danos producidos e a contía das axudas que se van conceder.
- O carácter complementario con outras axudas, indemnizacións ou outros beneficios que, polos mesmos conceptos, puidesen ser concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Artigo 11. *Resolución.*

1. O ministro do Interior, á vista da proposta definitiva formulada pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, resolverá as solicitudes de forma motivada no prazo de seis meses desde a data en que aquelas tiveren entrada no rexistro da Delegación ou Subdelegación do Goberno. Transcorrido o devandito prazo sen se ter ditada e notificada a resolución, a solicitude entenderase

desestimada por silencio administrativo, malia a obriga da Administración de ditar resolución expresa no procedemento. En ambos os casos poderanse interpor os recursos legalmente procedentes.

2. Así mesmo, darase coñecemento das devanditas resolucións ás Delegacións e Subdelegacións do Goberno nas provincias e cidades de Ceuta e Melilla onde se producisen os feitos causantes das solicitudes.

Artigo 12. *Modificación da resolución.*

A contía das axudas concedidas poderá ser modificada en calquera momento, mesmo cando se satisfixese o seu importe, cando se alterasen as condicións para a obtención da subvención, así como cando se obtivesen concurrentemente outras achegas para os mesmos fins, e estas superen conxuntamente o valor do dano producido.

Artigo 13. *Reintegro da subvención.*

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención nos supostos establecidos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Para estes efectos, serán de aplicación as disposicións contidas no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en especial o que atinxe á tramitación do procedemento de reintegro e prazo de prescrición do dereito da Administración a practicar ou liquidar o reintegro.

3. Así mesmo, e malia o reintegro da axuda, en caso de que estas condutas sexan constitutivas de infracción administrativa, observarase o disposto, en canto á imposición das sancións que procedan, no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 14. *Xustificación da axuda.*

1. De conformidade co establecido no artigo 30.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, as subvencións concedidas non requirirán outra xustificación que a acreditación de se encontrar na situación que motiva a concesión da axuda, para o cal se achegarán os documentos e xustificantes que acrediten os danos sufridos no caso de unidades familiares ou de convivencia económica, ou os gastos realizados para os demais tipos de beneficiarios.

2. Non obstante o anterior, os órganos instrutores do procedemento poderán establecer cantos controis se consideren pertinentes para verificar a existencia de tal situación, así como que a subvención se destina ao fin para o que foi concedida.

CAPÍTULO III

Axudas destinadas a unidades familiares ou de convivencia para paliar danos materiais en vivendas e enxoval

Artigo 15. *Modalidades.*

1. Poderanse conceder subvención nos seguintes supostos:

a) En caso de destrución total da vivenda habitual, sempre que un dos membros da unidade familiar ou de convivencia que residisen naquela sexa o seu propietario.

b) Por danos que afecten a estrutura da vivenda habitual, con idénticas condicións ás exixidas no parágrafo anterior.

c) Por danos menos graves que non afecten a estrutura da vivenda habitual, sempre que un dos membros da unidade familiar ou de convivencia residente naquela estivese obrigado legalmente, en virtude do seu título xurídico de posesión sobre a dita vivenda, a asumir o custo económico dos danos producidos.

d) Por destrución ou danos do enxoval doméstico de primeira necesidade que fose afectado na vivenda habitual polos feitos causantes. Para estes efectos, unicamente se consideran como enxoval doméstico de primeira necesidade os mobles e elementos do equipamento doméstico básico para cubriren as necesidades esenciais de habitabilidade da vivenda.

2. Para os efectos das axudas previstas neste capítulo para vivenda habitual e enxoval doméstico de primeira necesidade, unicamente poderán ser obxecto de subvención os danos que fosen causados de forma directa e determinante polo feito catastrófico a que se imputen; para tales efectos, deberá quedar suficientemente acreditada a dita relación de causalidade.

3. Unicamente serán obxecto de subvención os danos que se localicen na vivenda propiamente dita, destinada a casa-habitación, con exclusión daquelas dependencias ou anexos que, malia formaren parte do inmovible en que se sitúa a vivenda, non estean destinados ao uso estritamente residencial, tales como garaxes, alpendres destinados a almacén ou rocho, dependencias destinadas a uso agrícola ou pecuario e outros similares.

4. Por vivenda habitual entenderase exclusivamente a que constitúe o domicilio de residencia efectiva, continuada e permanente da unidade familiar ou de convivencia.

Artigo 16. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas económicas establecidas neste capítulo as unidades familiares ou de convivencia económica cuxo conxunto de ingresos anuais netos, correspondentes aos 12 meses anteriores ao feito causante ou, no seu defecto, ao último exercicio anual anterior a aquel, non superen as seguintes contías, segundo o número de integrantes da unidade:

Número de membros da unidade	Contía: IPREM + porcentaxe (IPREM: indicador público de renda de efectos múltiples)
Un ou dous membros	IPREM + 40 por cento.
Tres ou catro membros	IPREM + 80 por cento.
Máis de catro membros	IPREM + 120 por cento.

2. En canto ao cómputo do número de integrantes da unidade familiar ou de convivencia económica, será de aplicación o establecido no artigo 4.3 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, de tal forma que cada fillo discapacitado ou incapacitado para traballar computará como dous membros da devandita unidade.

3. Por outra parte, para os efectos do cómputo dos ingresos conxuntos da unidade familiar ou de convivencia, teranse en conta todos os percibidos, por calquera concepto, por todos os integrantes da unidade familiar ou de convivencia que residan na vivenda afectada.

4. Por unidade familiar ou de convivencia económica entenderase a persoa ou conxunto de persoas que residan nunha mesma vivenda de forma habitual e permanente, unidos por vínculos de consanguinidade ou afinidade ou por calquera outra relación que implique corresponsabilidade ou dependencia económica entre os seus membros, de tal forma que consuman e/ou compar-

tan alimentos, gastos comúns da vivenda ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento.

Artigo 17. *Contía das axudas.*

1. As axudas ás unidades familiares ou de convivencia económica para paliar danos materiais concederanse nas circunstancias e contías que se enumeran a continuación:

a) Por destrución total da vivenda habitual poderase conceder unha axuda, segundo o custo económico valorado dos danos, ata unha contía máxima de 12.600 euros.

b) Por danos que afecten a estrutura da vivenda habitual, referidos unicamente ás dependencias destinadas á vida familiar, concederase unha cantidade correspondente ao 50 por cento dos danos valorados, axuda que non poderá superar a cantidade de 8.600 euros.

c) Por danos que non afecten a estrutura da vivenda habitual concederase unha cantidade correspondente ao 50 por cento dos ditos danos segundo valoración técnica, axuda que non poderá superar a cantidade de 4.300 euros.

d) Por destrución ou danos no enxoval doméstico de primeira necesidade da vivenda habitual que resultase afectado polos feitos causantes da solicitude, concederase unha cantidade correspondente ao custo de reposición ou reparación do enxoval afectado, que non poderá ser en ningún caso superior a 2.150 euros.

CAPÍTULO IV

Axudas destinadas a unidades familiares ou de convivencia para paliaren danos persoais

Artigo 18. *Modalidades.*

1. No caso de que se produza o falecemento de persoas como consecuencia dos feitos ou situacións de catástrofe pública aos cales se refire este real decreto, por cada membro falecido da unidade familiar ou de convivencia de cuxa achega de ingresos dependesen substancialmente os seus restantes membros concederase a cantidade de 17.150 euros.

2. Idéntica cantidade se concederá no suposto de incapacidade absoluta e permanente do membro da unidade familiar ou de convivencia nas mesmas circunstancias de dependencia substancial dos ingresos do falecido.

3. As axudas reguladas nos dous puntos anteriores só procederán cando a morte ou incapacidade fosen causadas directamente polos feitos que provocaron a situación de emerxencia ou catástrofe pública.

Artigo 19. *Beneficiarios.*

1. Nos casos de falecemento a que se refire o artigo anterior poderán ser beneficiarios destas axudas, a título de vítimas indirectas, e sempre con referencia á data daquel, as persoas que reúnan as condicións que se indican a continuación:

a) O cónxuxe da persoa falecida, non separada legalmente, ou a persoa que estivese convivindo co falecido de forma permanente, con análoga relación de afectividade á do cónxuxe, calquera que sexa a súa orientación sexual, durante polo menos os dous anos anteriores á data do falecemento, salvo que tivesen descendencia en común –neste caso abondará con acreditar a convivencia e sempre que concorra o requisito da dependencia económica respecto da persoa falecida.

b) Os fillos da persoa falecida, sempre que dependesen economicamente dela, con independencia da súa idade e filiación ou da súa condición de póstumos.

c) Os fillos que non fosen do falecido pero o fosen das persoas previstas na alínea a), sempre que concorrese o requisito de dependencia económica daquel.

d) En defecto das persoas mencionadas nas alíneas anteriores, serán beneficiarios da axuda os pais da persoa falecida, sempre que dependesen substancialmente dos ingresos desta.

2. Para os efectos deste artigo, entenderase que unha persoa depende economicamente do falecido cando, no momento do falecemento, aquela vivise total ou parcialmente a expensas deste e non percibise, en cómputo anual, rendas ou ingresos de calquera natureza superiores ao 150 por cento do IPREM vixente nese momento, tamén en cómputo anual.

Artigo 20. *Concurrencia de beneficiarios.*

De concorreren varios beneficiarios a título de vítimas indirectas, a distribución da cantidade a que ascenda a axuda efectuarase da seguinte forma:

a) Nos casos aludidos nas alíneas a), b) e c) do artigo 19.1, e cando concorran como vítimas indirectas o cónxuxe e o fillo ou fillos da persoa falecida, a cantidade dividirase en dúas metades. Unha metade corresponderalle ao cónxuxe ou persoa que estivese convivindo co falecido, nos termos da alínea a) do artigo 19.1, e a outra metade ao fillo ou aos fillos mencionados nas alíneas b) e c) do artigo 19.1, que se distribuirá entre todos eles, cando fosen varios, por partes iguais.

b) En caso de resultaren beneficiarios os pais da persoa falecida, a cantidade correspondente á axuda repartirase entre eles por partes iguais.

CAPÍTULO V

Axudas a corporacións locais

Artigo 21. *Modalidades.*

Poderánselles conceder axudas ás corporacións locais para faceren fronte a situacións de emerxencia ou catástrofe pública nas circunstancias que a continuación se relacionan:

a) Por subministración de auga potable, en situacións de emerxencia por seca, para garantir a atención das necesidades básicas da poboación, estimadas para tales efectos en 50 litros por habitante e día; para estes efectos, computarase a poboación de dereito censada no municipio afectado.

A axuda por gastos de subministración de auga para consumo da poboación en situación de emerxencia por seca non se prolongará máis alá de tres meses desde o comezo da dita situación, e quedará a criterio da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, logo de informe en tal sentido da Delegación ou Subdelegación do Goberno correspondente, ampliar o devandito prazo, así como a duración da eventual prórroga.

b) Polos gastos realizados derivados de actuacións inaprazables en situación de emerxencia, levados a cabo no mesmo momento de se producir esta ou nos inmediatamente posteriores á finalización dos feitos causantes, sempre que o seu obxecto sexa o funcionamento dos servizos públicos esenciais e imprescindibles para garantir a vida e seguridade das persoas.

Para estes efectos, exclúense dese concepto os traballos levados a cabo con medios propios da corporación local, xa sexan materiais, tales como maquinaria, ferra-

mentas, etc., ou humanos, entendendo por tales o persoal contratado con anterioridade aos feitos causantes. En ningún caso serán subvencionables os gastos de persoal xerados por bombeiros, policía local, protección civil e outros de carácter análogo.

Artigo 22. *Requisitos.*

Para os efectos da acreditación de escaseza de recursos económicos, unicamente se poderá obter a condición de beneficiario cando o importe dos gastos considerados de emerxencia en aplicación das disposicións deste real decreto, e efectivamente realizados pola corporación local solicitante, supere o tres por cento da contía consignada no capítulo orzamentario relativo a gastos correntes en bens e servizos do exercicio en que se producisen os feitos causantes dos gastos.

Artigo 23. *Contías.*

Para os efectos previstos no artigo 22, concederáse ata o 50 por cento do custo total da subministración de auga potable en caso de seca ou dos gastos que se poidan cualificar de emerxencia.

Non obstante, cando os gastos susceptibles de subvención superen o 20 por cento do capítulo orzamentario relativo a gastos correntes en bens e servizos do exercicio en que se produciuse o feito causante, poderáse estender a axuda ata o 100 por cento dos gastos de emerxencia.

A porcentaxe de axuda aplicable en cada caso determinarase en atención á natureza dos gastos e á situación económica da entidade local.

CAPÍTULO VI

Axudas a persoas físicas ou xurídicas que efectúen prestación persoal ou de bens

Artigo 24. *Modalidades.*

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas neste real decreto as persoas físicas ou xurídicas que, requiridas pola autoridade competente en materia de protección civil no ámbito da Administración xeral do Estado, levasen a cabo a prestación persoal ou de bens con motivo de se ter producido unha situación de emerxencia.

Artigo 25. *Requisitos.*

A intervención da Administración xeral do Estado neste suposto terá carácter complementario e subsidiario das actuacións que se deban desenvolver cos medios e recursos previstos nos plans de protección civil das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla ou das corporacións locais.

A devandita intervención limitarase ás actuacións absolutamente imprescindibles e inaprazables, levadas a cabo no momento mesmo da emerxencia, para a protección de persoas e bens ou para evitar un perigo grave e inminente para a súa vida ou seguridade.

Artigo 26. *Contías.*

Para os efectos previstos no artigo 24, as persoas físicas ou xurídicas requiridas pola autoridade competente nunha situación de emerxencia para realizaren unha prestación de bens ou servizos poderán obter o resarcimento

polo importe total dos gastos, danos ou perdas ocasionados pola devandita prestación.

Disposición adicional única. *Delegación de competencias.*

Ante situacións de emerxencia, catástrofes ou calamidades públicas de especial gravidade ou elevado número de solicitudes, o ministro do Interior, atendendo ao seu propio criterio, poderá delegar as facultades que lle confire este real decreto nos delegados do Goberno nas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla afectadas.

Disposición transitoria primeira. *Tramitación de procedementos anteriores.*

Os expedientes de concesión de axuda pendentes de tramitación e resolución na data de entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse de acordo coas disposicións da Orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, modificada pola Orde do 30 de xullo de 1996.

Disposición transitoria segunda. *Documentación complementaria.*

Así mesmo, mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario a que fai referencia a disposición derradeira primeira deste real decreto, será de aplicación, nos aspectos non regulados por este, a Orde do Ministerio do Interior, do 18 de marzo de 1993, en especial no que atinxe á documentación necesaria que deberá acompañar a solicitude.

Disposición transitoria terceira. *Réxime das axudas previstas na Orde INT/439/2005, do 14 de febreiro.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derogatoria única, o réxime específico de axudas previsto na Orde INT/439/2005, do 14 de febreiro, pola que se modifica a Orde do 18 de marzo de 1993, conservará a súa vixencia e manterase subsistente en todos os seus termos entendéndose subsumido neste real decreto, para os efectos do disposto nos artigos 22.2.c) e 28.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada nos seus termos, no non afectado pola disposición transitoria segunda deste real decreto, a Orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación de desenvolvemento.*

O ministro do Interior, no prazo dun ano desde a publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado», e logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, ditará unha orde de desenvolvemento en que se determinará a documentación que se deberá achegar para os efectos de comprobar tanto a existencia do feito causante e do dano subvencionable como o cumprimento dos requisitos que deberán reunir os beneficiarios.

O ministro do Interior, por proposta da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, poderá ditar as instru-

cións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Revisión de contías.*

As contías das subvencións a unidades familiares establecidas neste real decreto poderán ser revisadas mediante unha orde do ministro do Interior, logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, para adaptalas á evolución do custo da vida.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
JOSÉ ANTONIO ALONSO SUÁREZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4575 *REAL DECRETO 310/2005, do 18 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción do algodón.* («BOE» 67, do 19-3-2005.)

O parágrafo primeiro do artigo 6.1 do Real decreto 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción do algodón, establece unha limitación de carácter básico, para a superficie con dereito a optar á axuda á produción de algodón. Trátase da rotación do cultivo, de maneira que non se poida cultivar algodón na mesma superficie durante dous anos seguidos, aínda que, conforme o artigo 6.2 do real decreto, as comunidades autónomas poden exceptuar da rotación do cultivo as explotacións cuxa superficie total de algodón non supere 10 hectáreas.

Establecida esta limitación no parágrafo primeiro do artigo 6.1, no parágrafo segundo do devandito artigo dispónse que non se poderán establecer outras medidas adicionais de limitación da superficie con dereito a optar á axuda á produción de algodón máis que aquelas que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estableza, logo de informe das comunidades autónomas e das organizacións profesionais agrarias, sobre a base dalgún dos criterios que se determinan.

A devandita previsión debe ser modificada, en canto que impide que as comunidades autónomas, en exercicio das súas competencias exclusivas en materia de agricultura, de acordo co previsto no artigo 148.1.7.^a da Constitución, poidan establecer medidas adicionais de limitación da superficie con dereito a optar á axuda á produción do algodón tendo en consideración os criterios que se determinan no propio real decreto; por iso, débese modificar o parágrafo segundo do artigo 6.1. Pola súa banda, as competencias estatais concréntanse tanto na necesidade de

que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación emita informe favorable sobre os aspectos que afecten a coordinación da planificación xeral da actividade económica, como no establecemento de criterios determinados no propio artigo 6.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica recollida no artigo 149.1.13.^a da Constitución. Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as organizacións máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2005,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción de algodón.*

O parágrafo segundo do artigo 6.1 do Real decreto 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción de algodón, queda redactado do seguinte modo:

«Non obstante, as comunidades autónomas poderán establecer, ao abeiro do disposto na normativa comunitaria citada, outras medidas adicionais de limitación da superficie con dereito a optar á axuda á produción de algodón, logo de informe favorable do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos aspectos que poidesen afectar as competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, de acordo con algún dos seguintes criterios:

a) A economía agraria das rexións na cal ten importancia a produción de algodón, tendo en especial consideración a identificación daquelas zonas en que tradicionalmente se realizase o devandito cultivo.

b) O estado edafoclimático das superficies en cuestión, a xestión das augas do regadío e as técnicas de cultivo que poidan mellorar o ambiente.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

4576 *REAL DECRETO 311/2005, do 18 de marzo, polo que se establece a normativa básica relativa ao réxime de axudas no sector das forraxes desecadas.* («BOE» 67, do 19-3-2005.)

A normativa comunitaria aplicable ao réxime de axudas ao sector das forraxes desecadas está contida no Regulamento (CE) n.º 1786/2003 do Consello, do 29 de